


# PATRIMONIO NATURAL

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



O Museo de Historia Natural "Luís Iglesias" e roteiros guiados polo Campus Sur



● **Museo de Historia Natural "Luís Iglesias"**  
Facultade de Química. Avda. das Ciencias s/n. Campus Sur  
15782 Santiago de Compostela.

Duración da visita: 2 horas

Prezo: 7 €

Prezos especiais:

6 €, grupos (12 persoas mínimo)

5 €, grupos da USC (12 persoas mínimo)

(Descostos para grupos, asociacións, estudantes, xubilados, usuarios da tarxeta Vivir Compostela.

Nenos menores de 12 anos, gratis.)

#### VENDA E RECOLLIDA DE ENTRADAS:

Museo Luís Iglesias, Tel +34 981 593 589

Pazo de Fonseca, Pza de Fonseca

Unitenda, Pza de Praterías Tel +34 981 555 268

#### Horarios das Visitas\*:

Lúns a venres: 10:00, 12:00, 16:30 e 18:30

Sábados: 10:00 e 12:00

Nº persoas por grupo: 20-25.. Previa reserva.

\* Previa reserva e cun grupo mínimo de 12 persoas, poden concertarse noutro horario

#### INFORMACIÓN E RESERVAS

Oficina de Congresos da USC

Tel: +34 981 554 696

xestioneventos@usc.es



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Turismo



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa



CONCELLO DE SANTIAGO

Cultura e Centros Socioculturais  
Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo



MUSEO HISTORIA NATURAL  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



UNIVERSIDADE VIVA



VICERREITORÍA DE CULTURA



VICERREITORÍA DE CULTURA





A Universidade de Santiago de Compostela quere mostrar á sociedade unha parte do seu patrimonio natural, mediante visitas guiadas á exposición permanente do Museo de Historia Natural "Luís Iglesias" e aos xardíns do Campus Sur.

O Museo de Historia Natural ten a súa orixe no Gabinete de Historia Natural, creado no ano académico 1840-41. Na actualidade constitúe o conxunto de patrimonio histórico científico máis importante de Galiza.

A riqueza dos seus fondos converte este museo nun "reflexo do mundo natural" en xeral, e da ciencia galega en particular. A través das súas coleccións pódese facer un percurso polo labor de moitos dos máis sobranceiros científicos galegos.

As principais funcións deste museo universitario son a investigación, a docencia e a divulgación científica. No cadro da divulgación científica, salientase a exposición permanente e diversas actividades temporais (exposicións, roteiros, obradoiros...).

**A exposición permanente organízase en 3 bloques:**

#### **Salas de Zooloxía:**

Nunha primeira sala, ademais de numerosos exemplares de fauna mariña, pódense contemplar anfibios, réptiles, aves e mamíferos dos cinco continentes. É importante a presenza de exemplares de países afastados e de especies que se extinguiron no medio natural en España, como a mangosta ou o porco espín.

Na segunda sala ofrécese unha panorámica da fauna galega, destacando a colección de dioramas de mamíferos e aves de Galiza, nos que se representan as especies nos seus hábitats.

#### **Sala de Xeoloxía**

Garda un dos máis valiosos tesouros do patrimonio científico da USC: a colección de modelos cristalográficos do abate René Just Haüy. Só no Musée de minéralogie de l'École des mines de París existe outra colección semellante á que se expón no noso museo.

Son tamén de grande interese as coleccións de minerais e rochas de diferentes orixes, así como os mapas xeolóxicos e os exemplares de fósiles que completan a exposición.

#### **Sala de Botánica**

Combinanse nesta sala exemplares das coleccións de madeiras e sementes do continente americano, con exemplares da flora vascular galega do Herbario Baltasar Merino e de fungos da Micoteca César Sobrado. Ademais, expóñense figuras clásicas e modelos utilizados no ensino da Botánica.

#### **Xardíns do Campus Sur**

Exemplo nas tendencias na xardinaría urbana desde mediados do século XX, estes xardíns son un importante recurso cultural e didáctico, no que aparece mesturado o gusto polas especies exóticas (xinkgo, sequoia, ciprés dos illós...), coas propias da nosa terra (carballo, bidueiro, acivro...).

A visita guiada, dunha duración de aproximadamente dúas horas, abrangue a exposición permanente e os xardíns. Ofrécese tamén a posibilidade de optar só pola exposición permanente ou polos xardíns.

